

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO PREGO DE CONDICIÓNS DO EXPEDIENTE DOS CONTRATOS DE CONCESIÓNS DE NICHOS BALEIROS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE SAN AMARO E PONTESAMPAIO EN PONTEVEDRA

De acordo co previsto, no punto 5 do capítulo III do prego de condicións das concesións dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio, en Pontevedra, e de conformidade co disposto no Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, así como do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2016, o proxecto e o prego de condicións das concesións dos nichos baleiros dos cemiterios municipais de San Amaro e Pontesampaio sométense a información pública durante 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), durante os cales calquera persoa poderá consultar o citado proxecto e o prego de condicións así como examinar o expediente no Servizo de Patrimonio do Concello de Pontevedra, cuxas oficinas atópanse no 3º andar do Teatro Principal, e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas que, de existir, serán resoltas polo órgano competente con carácter previo á aprobación do prego de condicións e do expediente.

Pontevedra, 19 de abril de 2016.—O Concelleiro de Goberno da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, Vicente García Legísima.—O Secretario da Administración municipal, José Carlos Castiñeira Piñeiro.

